




UNIVERSIDADE DA CORUÑA



En relación cos documentos identificativos que se deban requirir para a expedición de títulos universitarios oficiais a cidadáns estranxeiros, logo da consulta ao Ministerio de Ciencia e Innovación, infórmolle do seguinte:

Os cidadáns estranxeiros que se atopen en territorio español teñen o dereito e a obriga de conservar, en vigor, a documentación coa que efectuaron a súa entrada en España, a que acredite a súa identidade, expedida polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia, así como a que acredite a súa situación en España.

En consonte con isto, a documentación será:

Os cidadáns de países non pertencentes á Unión Europea deberán presentar o pasaporte en vigor.

Os cidadáns de países membros da Unión Europea deberán presentar o documento que acredite a súa identidade, en vigor, expedido polas autoridades competentes do país de orixe ou procedencia, e no seu caso, o documento que acredite a súa situación en España, sen prexuízo de que podan presentar tamén o seu pasaporte.

Se nos documentos indicados faltasen os datos sobre a data e lugar de nacemento dos interesados que son imprescindibles para a expedición dos títulos, deberán acreditarlos con outros documentos que aporten os referidos datos.

A Coruña, 26 de novembro de 2008
O xefe do Servizo de Organización Académica

Víctor Cabrera Sánchez



ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS